

ACTA NÚM. 5 DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A
CONTRATACIÓN DE DOUS TÉCNICOS ESPECIALISTAS BAIXO A MODALIDADE CONTRACTUAL
DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA E TÉCNICA PARA O DESENVOLVEMENTO DE
ACTUACIÓNS DE I+D+i DIRIXIDAS Á PRODUCCIÓN DE RESINAS NATURAIS PROCEDENTES DE
CONÍFERAS E Á AVALIACIÓN DO COMPORTAMENTO DOS LUMES FORESTAIS PARA O
DESENVOLVEMENTO DOS OBXECTIVOS DO PLAN DE INNOVACIÓN E MELLORA FORESTAL
DE GALICIA 2010-2020

ASISTENTES

Presidente: José Antonio Portos Mouriño, Xefe da Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria

Vogal: Enrique Martínez Chamorro, Director do Centro de Investigación Forestal de Lourizán

Vogal: Manuel Luaces López, Director do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

En -Pontevedra, no Centro de Investigación Forestal de Lourizán, sendo as 11.30 do 21 de setembro de 2020, reúnese a comisión que cualificará o proceso selectivo para a Contratación de dous técnicos especialistas baixo a modalidade contractual de proxectos de investigación científica e técnica para o desenvolvemento de actuacións de I+D+i dirixidas á produción de resinas naturais procedentes de coníferas e á avaliación do comportamento dos lumes forestais para o desenvolvemento dos obxectivos do Plan de Innovación e mellora forestal de Galicia 2010-2020 nomeada por RESOLUCIÓN da Dirección da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Agacal, de 13 de xullo de 2020 coa asistencia das persoas antes relacionadas, e coa seguinte orde do día:

- Punto primeiro.- Apertura da 2ª fase do proceso selectivo: realización da entrevista. Aberta a 2ª fase do proceso de contratación, procedeuse a realizar a entrevista aos dous candidatos que, segundo as bases, superaron a 1ª fase do proceso selectivo.



PRAZA I

Formúlanselle tres preguntas sobre as materias relacionadas no Anexo III das bases da convocatoria, nas que o candidato obtén a puntuación indicada de xeito respectivo:

1ª.- Metodoloxías innovadoras para a extracción de resina. (3/15 puntos)

2ª.- Posibilidades de obtención de dobre: madeira de serra vs resina e de madeira para trituración vs resina. Liñas de investigación. (5/15 puntos)

3ª.- Análise das posibilidades da implantación de ditos modelos. Posibles producións e rendementos en Galicia. (6/15 puntos)

A puntuación acadada polo candidato nesta 2ª fase do proceso é de 10,5 puntos, que sumados aos 46,7 puntos conseguidos na 1ª fase fan un total de 57,2 puntos.

PRAZA II

Formúlanselle tres preguntas sobre as materias relacionadas no Anexo III das bases da convocatoria, nas que o candidato obtén a puntuación indicada de xeito respectivo:

1ª.- Caracterización da estrutura dos combustibles forestais e cuantificación da biomasa. (3/15 puntos)

2ª.- Restauración post-incendio. (3/15 puntos)

3ª.- Determinar o comportamento do lume en combustibles forestais. (4,5/15 puntos)

A puntuación acadada polo candidato nesta 2ª fase do proceso é de 10,5 puntos, que sumados aos 52,2 puntos conseguidos na 1ª fase fan un total de 62,7 puntos.

• Punto segundo.- Aprobación e publicación da listaxe provisional coa puntuación total do proceso selectivo. Apróbase a publicación da listaxe provisional coa puntuación total do proceso selectivo conforme se reflicte nos seguintes cadros:





Gómez *****, Esteban		PRAZA I
		PUNTUACIÓNS
1ª FASE: BAREMO DE MÉRITOS		46,7
2ª FASE: ENTREVISTA		10,5
	TOTAL	57,2

Jiménez *****, Enrique		PRAZA II
		PUNTUACIÓNS
1ª FASE: BAREMO DE MÉRITOS		52,2
2ª FASE: ENTREVISTA		10,5
	TOTAL	62,7

E non habendo outros asuntos que tratar levántase a sesión sendo as 12.00 horas, no lugar e data sinalados no encabezamento. O que certifico como secretario da comisión co visto e prace do seu presidente.

Vº e prace

O presidente

O vogal

Asdo.: José Antonio Portos Mouriño

Asdo.: Enrique Martínez Chamorro

